

ROUCCO

SON

Falamos de rock en galego

Número 26- febreiro 2023

Publicación gratuíta
Colle unha!

**SUPEROITO
VIGOSÓNICO
RUINAS**

**SALAVELATORIA
AMENAZA DE MUERTE
BUXA**

**MAX & BULL
DISMAL
EAGER PLATYPUS**



Leis & Negocios SL

Contamos coa garantía de poder recorrer a unha asesora profesional sempre que o necesitamos.
Encárgase de todo o pepeleo do noso negocio.
Por iso agora disfrutamos máis da nosa profesión e do tempo de lecer.

Pilar Leis Puñal

Avogados e Asesores de empresas
Avda. Romero Donallo, 29
15706 Santiago

10º aniversario de Superoito na Sala Capitol xunto a Acouga

Por **Javier Pereira**



A banda de rock alternativo e punk rock Superoito, procedente de Ordes, celebrou o pasado xaneiro os seus dez anos por todo o alto: na compostelá Sala Capitol, a principal sala das súas características en Galicia, xunto aos pacenses Acouga e máis un feixe de colaboracións do máis alto nivel. O grupo de rock en galego vén de sacar, a principios do pasado ano, un novo álbum gravado nos estudos Cimática de Cerceda e titulado *A Mala Vida*, e con este concerto culminaron a presentación do disco da mellor maneira posible.

A *Mala Vida* colleu finalmente o testemuño de *Todo me Da Voltas*, o disco que o grupo ordense lanzou en 2014 logo do seu primeiro sinxelo “Non sabes bailar”. Ademais, tamén lanzaron no seu momento o sinxelo

“Portarnos mal” en 2015 e o EP *En Directo*, tocado ao vivo, en 2016. Cada lanzamento estivo acompañado da súa correspondente xira, con decenas de concertos cada unha. Porén, os anos seguintes a 2016 foron de parón na actividade do grupo, polo que a expectación cara ao seu regreso era máxima. Co novo álbum baixo o brazo volveron tomar os escenarios, anunciando a súa colaboración coa promotora Plancto Xestión Cultural e cumpriron con creces as expectativas; así que agora tocaba complacer aos fans este concerto aniversario. Dez anos non se fan todos os días, así que alí estivemos para documentar textual e graficamente este concerto tan especial.

Comezamos con Acouga, cuar-

teto procedente de Pazos de Borbén, como teloneiros. Unha banda de creación moi recente, da que xa vos temos falado nas nosas páxinas, cun son moi fresco que fusiona diferentes estilos, que van dende o hardcore ata o pop rock. Foi fantástico como, a pesar de ter só 3 cancións gravadas, deleitáronnos con cancións novas e incluso unha fabulosa versión da canción introductoria en galego da mítica serie *Dragon Ball GT*. A pesar do pouco tempo que levan en activo, sorprendeu como no público había moita xente que coñecía as súas cancións.

Despois, chegou o momento: saltaron ó escenario Superoito. Os primeiros convidados da noite foron os propios Acouga, cantando co grupo “Entre a niebla”, despois de que so-

naran “A punto de explotar” e “Nadie se acordará de ti”. Tres temas do novo disco perfectos para facer berrar e saltar ao público. Pero o concerto só acababa de comezar. Chegou entón o segundo convidado, O Leo de Matamá, lucindo unha camisola do *Rapido de Bouzas* e cantando o “Eu quero ser indie” do EP *En Directo* co seu estilo inconfundible. Rematou a canción cun toque de armonica de xeito que xa non se pode imaxinar esa canción tocada doutra maneira.

Chegou a hora de repartir licor café polas primeiras filas, entre saídos a xente do público e mentres o son da batería invadía toda a sala. Fíxose un brindis pola música, e comezaron tocar, como non podía ser doutro xeito, “Licor Café”. Outra con-



Superoito e colaboradores

vidada destacada saíu ó esenario, esta vez para cantar “Joven,Tierno y Español”, tamén de En directo; trátouse de Jana, da banda viguesa de ska punk Liska! A seguinte quenda foi a de Gonzalo, das bandas Machina e Broa, de Cerceda, engadindo coa súa guitarra un extra de contundencia á canción do álbum novo “MDMA”. Volverón entón ao EP En directo, co clásico “A farándula”.

Fixeron entón unha chamada o escenario a Vituco Neira de Ruxe Ruxe, para cantar con eles a primeira canción que fixeron co nome de Superoito como banda. Vituco, de feito, foi a primeira persoa en poñer na radio esa mesma canción, no Planeta furancho da Radio Galega, programa dedicado a difusión da música en galego. A canción non é outra

que “Non sabes bailar”, que foi o seu primeiro sinxelo e que foi posteriormente incluída en Todo me Da Voltas. E seguiron as colaboracións top, con “1936” tocada xunto a Gus, de Nao, á guitarra. Antes de interpretar a seguinte canción, o sinxelo de 2015 “Portarnos mal”, a banda lembrou ao cuarto membro do grupo, o guitarrista Diego Fernández, que non puido estar presente esa noite por motivos de saúde.

Achegábase xa o final do concerto, polo que ficaba claro que aínda tiñamos moitas colaboracións espectaculares por diante. A primeira delas foi nada menos que a de Tucho de Herdeiros da Crus, que cun impresionantes solo de guitarra deu comezo a “Ídolo mundial”, do último disco. A seguinte foi Ánxela

de Bala, que co seu potente estilo levou “Animal”, o primeiro sinxelo de adianto de A Mala Vida, a outro nivel. E, a continuación, tocaron, que non cantaron, porque prometeron que nunca mais a cantarían “Tractor sen cabina”, aínda que non estaba na lista de cancións prevista para a noite. Isto foi xusto antes de dar paso ao derradeiro convidado da noite, unha auténtica lenda do rock nacional: Alberto Cereijo de NEO e Los Suaves que tocou “Ultra!” xunto aos de Ordes.

O final do concerto chegou co “Non tes barba” do EP En Directo, e con Iván tirándose ó público. A continuación saíron de novo ao escenario todos os combidados logrando unha xenial estampa final para unha noite tan sinalada.



Vigosónico volverá pechar as súas portas sine die ata que non se resolva a licitación

Segundo fontes do propio Vigosónico, o espazo que alberga as salas de ensaio municipais pechará o vindeiro martes 28 de febreiro e non reabrirá ata que estea adxudicado o servizo. O prazo para a presentación de ofertas remata o venres 3 de marzo, polo que dende Grupos de Vigo en Loita, plataforma que abrangue ás usuarias e usuarios dos locais entre outros músicos e músicas da cidade, denuncian que nese caso “que poden pasar meses e meses ata que non reabra de novo”.

En resposta ás protestas impulsadas por Grupos de Vigo en Loita e outros colectivos como parte da coordinadora Vigo Somos Todxs, o Concello anunciou á prensa o propio día da manifestación convocada por estes o 5 de febreiro a licitación de Vigosónico por un ano, prorrogable outros dous. A licitación tería un valor de 85.000€, e viría substituír o que en palabras do colectivo de artistas musicais foron “parches encadeados dende que as protestas conseguiron que reabrise o espazo a mediados do ano 2022”. Este anuncio foi recollido como unha boa nova e unha victoria por parte do colectivo. Porén, o que non foi anunciado é que, ata a resolución da licitación, o espazo pecharía indefinidamente, como apuntan dende o propio Vigosónico.


Grupos de Vigo en Loita denuncia que as usuarias e usuarios “non foron de ningún xeito avisadas desta situación, enterándose só de xeito informal a través do persoal”. Consideran que “é un escándalo e unha burla ás viguesas que Vigosónico peche de novo xusto despois de ter anunciado precisamente a súa continuidade, sen que se previran e anunciaran debidamente mecanismos para mantelo aberto, como mínimo, como se leva facendo dende que as protestas obrigaron a que o Concello, ás presións, reabrida o espazo”.

Ademais, dende a plataforma de artistas musicais da cidade desconfía das intencións do goberno municipal. “A última vez que Vigosónico pechou indefinidamente foi coa excusa pandemia, pero resultou ser un peche definitivo encuberto que non puidemos reverter ata máis de dous anos despois”, afirman. Engaden tamén que “outro exemplo disto é o caso de Súbete ao Castro, un espazo que pechou en 2014 supostamente para arranxar unhas humidades e que máis de oito anos despois segue pechado”. Polo tanto, esixen que “o Concello reabra inmediatamente Vigosónico e que teña unha actividade ininterrompida independentemente de cando se resolva a licitación anunciada”.

Dende a súa creación en xaneiro de 2022, Grupos de Vigo en Loita desenvolveu unha actividade ininterrompida en torno ás problemáticas que sofren os grupos musicais vigueses, especialmente en torno á situación das salas de ensaio. Dende xaneiro deste ano fan parte, xunto a outros 16 colectivos da cidade, da coordinadora Vigo Somos Todxs, ao considerar que todas as entidades integrantes “sofren o mesmo desprezo e ataques por parte do Concello, que sempre se negou a negociar nada”. O pasado 5 de febreiro convocaron unha manifestación que reuniu a un milleiro de persoas no centro de Vigo, e no pleno do día de onte no Concello, un grupo de representantes da mesma asistiu e tivo un enfrentamento verbal co alcalde. Ante as demandas dunha reunión, o Alcalde calificou aos veciños de “fascistas” como “en los años 30”. A coordinadora ten anunciado que continuará a súa actividade para reclamar “un Vigo que escoite aos movementos sociais e ao tecido asociativo” no que “a democracia sexa máis que un cheque en branco outorgado cada 4 anos”.







O 13 de maio de 2022 saíu este Resurrekzi3n, o segundo traballo de Ruínas: dúo de death/grind formado por Ángel na batería e Roberto Bustabad na guitarra, baixo, voz e sintetizadores. Rober é ben coñecido por ter feito parte de bandas galegas tan destacadas do xénero como Ovakner, Banished from Inferno e, por suposto, os lendarios Mache-tazo. Polo tanto, ao igual que ocorre con estas outras bandas, non vas atopar en Ruínas metal extremo xenérico; a experiencia dos seus membros apréciase inmediatamente nos orixinais arranxos e detalles que enchen as cancións, aparecendo aquí e acolá e captando a atención do oínte.

RESURREKZI3N

O primeiro que cabe comentar é que este EP de 6 cancións e media hora de duración pode dividirse en dúas partes: unha, formada polos catro primeiros temas, dun desolador e desgarrado death/grind, que polas súas estruturas variadas e elementos ata melódicos poderíamos considerar tamén como fortemente influído polo crust punk; e outra, formada polas dúas últimas pistas, dominadas polos sintetizadores ambientais e con elementos metaleiros apreciables pero secundarios. Esta mestura dista moito de ser unha mera xustaposición de elementos inconexos, pois é algo que ten moito percorrido na mellor tradición do metal extremo internacional: lógrase expresar, con estilos de música aparentemente moi distantes, emocións similares de ansiedade, claustrofobia ou nihilismo.

A primeira parte das que mencionamos, a pesar de abarcar a maior parte das cancións, comprende aproximadamente os primeiros 11 minutos do disco. Esta relativa brevidade, dende logo, non é pouco frecuente no death/grind, caracterizado pola velocidade e a potencia incesantes e por concentrar riffs e riffs en escasos minutos. Xa dende que escoitamos o propio primeiro tema, “Eterno Retorno”, decatámonos de que non estamos ante o típico death/grind, xa que os seus riffs son atonais e discordantes ata para o que é habitual no estilo, é á vez son tamén sorprendentemente pegadizos e memorables. Este tema xa é de por si rápido, caracterizado polo clásico dbeat e por chamativos fills de batería; porén, semella ata lento cando, co segundo tema, “Tormenta de miseria y muerte”, comeza o torrente de blast beats, aderezados por uns tresillos que lle dan o toque característico á peza.

O dúo non da tregua, e volve abofetearnos con blast beats implacables nos seguintes temas, “Último vector” e a homónima “Resurrekzi3n”, alternados sempre cos infaltables dbeats. Nesta última canción tamén cobran un importante protagonismo os teclados, e de igual maneira os riffs máis lentos e atmosféricos, a modo de preludio do que atoparemos a continuación.


Para estar á altura da angustia existencial expresada pola música, as letras reflicten temas filosóficos, e transmiten igualmente unha desesperación asoballante, que impregna todo o traballo. A voz de Roberto está tamén á altura, empregando un rexis-

tro gutural tan desgarrador como variado e propio. Non atopamos aquí o explícito goregrind de Machetazo, pero si vén á mente Ovakner; nesta banda, ademais de Roberto, tamén participou Ángel, dando varios concertos con eles en substitución de Alberto, de Lóstregos. Ambos compartiron formación nela nada menos que con Balc, de Balmog.

Chega entón a “segunda parte” do disco, introducida polos 2 minutos de “Ex Putrefaktio”: un tema puramente atmosférico que marca o cambio de instrumentación e que nos leva directos ao último tema do disco. Este é “Lázaro”, que cos seus máis de 17 minutos eleva a duración total da parte electrónica nada menos que a practicamente o dobre da anterior. Aínda que hai unha clara continuidade temática entre ambas seccións do disco, os riffs fican substituídos por diferentes pasaxes que van evoluíndo e desembocando na seguinte,

acadando polo tanto unha experiencia moito máis inmersiva e, por suposto, pausada.

“Lázaro” é un tema que, dentro do seu estilo synthwave e darkwave, incorpora todo tipo de seccións diferentes e toca múltiples influencias. Isto inclúe seccións cunha influencia moi clara, incluíndo na instrumentación, dos mundos do metal e o hardcore nos que se inscribe normalmente o grupo, especialmente cara ao final. Isto dá lugar a que as dúas “caras” do traballo fiquen claramente conectadas, nunha sorte de “Eterno retorno” que nos leva a esa primeira canción do EP. Como complemento perfecto para escoitar esta última canción, a banda lanzou hai uns poucos meses, en novembro, un videoclip no que os visuais mimetízanse totalmente cos sons. Falámosvos deste mesmo videoclip na nova publicada daquelas na nosa web, onde tamén podedes visionalo.



DAVID, de EAGER PLATYPUS:

“COMPOÑEMOS SOBRE TODO PARA NÓS, E

Hoxe toca coñecer máis a fondo a unha banda de rock duro da zona de Arteixo, na Coruña, que comezou a súa andaina a mediados de 2015. A banda sonora dunha cortometraxe feita en contra da violencia de xénero chamada Disfraces. En 2016 comezan coas súas primeiras actuacións en directo, e sae en Bandcamp o 21 de decembro de 2016.

En 2017 participan no festival Noroeste da Coruña, entre outros, ademais de participar en concursos de maquetas, e comezan a preparar o seu primeiro álbum. O deseño por parte do artista brasileiro Diego Max, e sacan tamén o seu primeiro videoclip para o tema “No turning back”, da man de Iago. Despois dunha pandemia, marcha do grupo en 2021 o seu baterista Jose Manuel Martínez. Volve entón o baterista co que gravaran o seu primeiro videoclip “Last howl” a cargo de novo de Ferga’s project. Nel, a modo de conto, relatan unha historia baseada nunha antiga tradición da zona. A banda está composta por David Castro e Pablo Fonteboa nas guitarras, Ruibal na batería, Esteban Vazquez no baixo e Inés Naya na voz. Traz consigo un sound con moitas influencias, e tamén pola potente e inconfundible voz da súa vocalista. Puiden falar con David, un dos seus guitarristas.

Moi boas, David! Grazas por conceder esta entrevista para Rouco Son. O primeiro era preguntarche cal é a historia que se agocha detrás deste nome.

Moi boas, Patty! Pois a verdade é que o nome xurdiu por buscar algo orixinal. Gustábannos moito os nomes con animais, tipo Artic Monkeys, e a través dunha proposta dun membro da banda sobre o ornitorrinco comezamos a chamarnos así no grupo de whatsapp. O de Eager vén dun xeito sarcástico en referencia a unha broma persoal interna da banda; a mestura dos dous termos foi algo que se fixo por votación. Despois, ó gañar o concurso para tocar no festival Noroeste xa fixo que se asentara como o noso nome.

E, como se formou esta banda? Cales foron os vosos comezos?

A banda comezou a raíz de Esteban e Pablo, que xa se coñecían noutra formación. Eu coñecía a Pablo do conservatorio e a Esteban do instituto, e con él levaba anos tocando noutra banda que se chamaba El Rumor. Cando rematamos aquel proxecto eles comentáronme de iniciar este outro, e a Jesús coñecíamolo de toda a vida e foi algo natural que se unira para formar parte da banda. E a Inés xa a coñecía dende hai anos, incluso participara gravando algunhas voces con El Rumor. Foi a raíz dos ensaios que vimos que a cousa funcionaba bas-

tante ben, e ata o de agora.

Con que estilo vos etiquetades? Se é que vos gusta etiquetarvos.

Pois o de etiquetarnos nalgún estilo esta ben, pois é mais doado para a xente poder saber de que vai o proxecto. Nos somos hard rock, alternativo e mesturado con tintes clásicos. En todo caso, principalmente, nós compoñemos para nós, e para estar a gusto co que facemos.

Cóntanos de que tratan as letras dos vosos temas.

A verdade é que tratan un pouco de todo, só temos filtro á hora de tocar temas políticos. Aínda que si falamos de guerras ou conflitos bélicos, que, por desgraza, sempre están de actualidade. Tamén está o tema do amor, do desamor, conflitos internos, sobre o que nos vai ocorrendo no noso día día...

En que andades metidos actualmente?

Pois estamos inmersos na preparación de novos temas, e seguro que proximamente anunciaremos novas datas da banda.

Pois quedamos moi pendentes das vosas redes sociais, para saber o que estades a argallar. Deséxovos o mellor!

Moitas grazas, Patty, e moitas grazas a Rouco Son por facerse eco da banda.



PARA ESTAR A GUSTO CO QUE FACEMOS”

Por Patti Castro

2015: Eager Platypus. “Stop trying” e “Not the time” foron as súas primeiras composicións, que en novembro de 2015 pasarían ser parte de actuacións e continúan avanzando na composición musical coa gravación do seu primeiro EP, co mesmo nome da banda, Eager Platypus,

o que sería o seu álbum States of Mind. Este sae o 22 de novembro de 2019, e foi gravado nos estudos Bonham de A Coruña, cun coidado por Ferga’s Project.

o seu primeiro EP, Jesús Ruibal. Durante o ano 2022, ademais de dar varios concertos, presentan o 4 de agosto o seu novo sinxelo e segundo álbum, coa colaboración de Seabra.

z. Caracterízanse polas súas composicións propias, cun estilo de hard rock alternativo contundente mesturado con elementos mais clásicos, para que nos contase de onde veñen, comezando por preguntarlle de onde sae ese curioso nome que teñen.



Salavelatoria e Amenaza de Muerte, o 18 de marzo no Transylvania



O sábado 18 de marzo terá lugar un novo concerto de bandas de metal galegas no Pub Transylvania de Vigo: nesta ocasión actuarán Amenaza de Muerte, banda de deathcore de Malpica de Bergantiños, e Salavelatoria, banda de thrash metal radicada na parroquia de Tourón, en Ponte Caldelas. O concerto está organizado polo colectivo Vigo Metalheads, A entrada será única, cun prezo de 10€, e o evento comezará ás 21:30 da noite.

O cuarteto de deathcore Amenaza de Muerte está conformado por Iván na voz, Héitor na guitarra, Mario no baixo e Adam na batería. O estilo dos da Costa da Morte mestura a perfección os pesados breakdowns do hardcore co lado máis técnico e incluso melódico do death metal, como se pode apreciar en traballos como o álbum Atrapado (2011), os EPs Deathcoast (2014) e False Prophets

(2017), ou especialmente en Huulet (2021), o seu novo álbum. É habitual velos tocando por toda Galicia, pero xa os botabamos de menos en Vigo, onde desatarán unha vez máis toda a súa enerxía.

Por outra banda, Salavelatoria é unha das bandas máis destacadas da potente escena thrash metal galega. Está conformada por Diego na batería, Tino no baixo (ambos procedentes da mítica formación de death metal noventaíra pontevedresa To Nowhere), Mon na guitarra, e Javier na voz e tamén na guitarra (membro así mesmo este último dos coñecidos Dismal, de Viascón). Tendo en conta o historial dos seus membros só se pode esperar metal de primeira, como se pode comprobar no seu EP de 2018 ...Ya me Dejas más Tranquilo, ademais de noutros sinxelos que teñen lanzado ao longo da súa traxectoria, que comezou no ano 2014.





**Anúnciate
aquí**

981 463130

ROUCO SON

MAX & BULL E BUXA, NA SALA SON DE CANGAS



O vindeiro sábado, 4 de marzo, as bandas Max & Bull e Buxa visitarán xuntas Cangas do Morrazo, ambas por primeira vez, para ofrecernos unha noite de rock instrumental con influencias moi variadas. As portas da Sala Son, ubicada na Rúa do Lirio número 30 de Cangas, abriranse ás 20:30, e ás 21:00 comezará o evento. A entrada será única e terá un prezo de 10€.

Max & Bull é un dúo instrumental vigués que une o rock, o metal e a electrónica. Está formado por Nacho Araújo coa batería e Iñaki Blanco coa guitarra, sinte, bases e visuais. Mesuran pesados riffs de guitarra con baterías potentes e bases atmosféricas. Paisaxes sonoras densas e saturadas, que afloran a base da superposición de capas. E para acompañar a música cantan cos visuais do propio Iñaki Blanco. Actualmente están en proceso de mestura do seu primeiro disco de estudio.

Buxa é unha banda de stoner rock instrumental con residencia no Grove. Son Marcos Pou na batería, Paco Míguez no baixo, Alex Rodríguez na guitarra, e Rodrigo Trigo tamén na guitarra. As súas influencias e referencias veñen da década dos 90, dos sons característicos deses anos en diversos estilos como poden ser o progresivo, o grunge, o stoner, o metal ou incluso o pop, entre outros. O protagonismo na súa música recae na mestura de sons pesados con melodías que fan de fío condutor ó longo das composicións, como si trataran de contar unha historia a base de sons e de xogar coas dinámicas. Teñen tres sinxelos con cinco temas en total autoeditados, publicados en Bandcamp.

MARZO EN



COMERCIO DO CASCO HISTÓRICO

MES DO PAI

SINTE AS CORES *da* SD COMPOSTELA



SORTEAMOS

5 Kit "Fan da SD Compostela".

15 libros do 60 Aniversario sobre a Historia da SD Compostela.

5 abonos para ollar os encontros da SD na casa

...e varios produtos do Xacobeo Galicia.

Ata o 19 de Abril, por compras superiores a 15 euros, solicita o teu boleto
nos establecementos asociados a Compostela Monumental.

E, pola túa compra, tes unha hora de **aparcamento gratuito** no **Parking de Galeras-La Catedral.**
















Dismal, nova incorporación galega ao cartaz do Resurrection Fest 2023

O Resurrection Fest de Viveiro contará na súa edición de 2023 cunha nova banda galega, que se sumará ás xa confirmadas Deleiba, Dark Embrace, Youcathide e Sangre de Muérdago. Trátase de Dismal, lendaria banda procedente da parroquia de Viascón en Cerdedo-Cotobade, comarca de Pontevedra. Esta agrupación comezou a súa andaina en 1992, sendo pioneira do death metal en Ga-

licia e gravando o mítico disco compartido Avowals xunto aos composteláns Absorbed e os ourensáns Unnatural en 1994.

A partir de finais dos anos 90 cambiaron de estilo musical cara a unha mestura de metal alternativo e hardcore, coa que atoparon unha certa popularidade, compartindo escenarios con moitos grandes nomes do metal estatal e mundial. Porén, a finais da década dos 2000 se-

paráronse, coincidindo cos anos nos que o Resurrection Fest comezaba a súa andaina; deste xeito, nunca tiveran a oportunidade de participar no festival ata que se reuniron e volveron aos escenarios o ano pasado. Durante os seus 15 anos de ausencia nos escenarios galegos, algúns dos seus membros fundaron bandas tan destacadas como Salavelatoria ou Enki.

A pesar de que dende o Re-

surrection anunciaron no seu momento que non se incorporarían máis bandas estatais ao cartaz case completo que xa desvelaran en novembro, e que só se ampliaría con bandas internacionais, parece que os de Viveiro non querían deixar pasar a oportunidade de contar cunha banda tan veterana no cartaz. Agora xa está anunciado completo e por días, así que salvo sorpresa non deberían haber



máis excepcións, salvo, por suposto, que algunha ou algunhas bandas galegas resulten gañadoras do Concurso de Bandas do festival; cousa que, dado o elevadísimo nivel das bandas galegas, agardamos que ocorra.

Así, a representación galega no festival estará polo momento composta por Dismal, os vigueses Youcanthide, os coruñeses Darkembrace, os muradáns Deleiba, e máis Sangre

de Muérdago, banda de neo-folk formada en Ourense aínda que actualmente establecida en Leipzig, Alemania. Youcanthide tocará o mércores 28 de xuño no escenario Chao, Dark Embrace e Dismal o venres 30 no escenario Ritual, e Deleiba e Sangre de Muérdago o 1 de xullo no escenario Desert. Polo momento, aínda teremos que agardar á seguinte edición para ver algunha banda

galega no escenario principal. Ademais da de Dismal, anunciouse tamén a presenza no cartaz das bandas internacionais Parkway Drive, Soulfly, Elegant Weapons e Mammoth WVH (banda de Wolfgang Van Halen). Estas confirmacións súmanse ás máis de 80 realizadas en novembro, cando saíron á venda os abonos. O xoves ás 12:00 saíran as entradas por día.

Foto de
Dark Memories Photography



Trátase dun blend que combina os mellores grans de cafés de Colombia, de Uganda e de Guatemala. Blend de arábicas que dá lugar a un café equilibrado, cun tostado medio que ofrece a quen o consome unha acidez moderada. Que buscamos con esta mestura do café Gran Orixe?

Ofrecerche a ti, profesional da hostalería, que tes un restaurante, unha cafetería, un bar ou calquera outro establecemento, un café que se manteña fresco e en perfecto estado para servir ao teu cliente o mellor café en calquera momento do día.

Conseguímolos cun envasado pensado para que todas as calidades do café permanezan intactas durante máis tempo nun recipiente metálico que o protexe da luz e a humidade.

Esta conservación das características do café Gran Orixe conseguímolas mediante un coidado tostado diario, e inmediato envasado do café nunha tolva de aluminio, que preserva as características perfectas de café para o seu consumo durante moito máis tempo que envasados máis tradicionais.

SABORA

cafés tostados no día

www.cafesabora.com